# BIBLIOTECAS ESCOLARES EN PRIMARIA: LER E ESCRIBIR PARA MEDRAR

Biblioteca Brea Segade
CEP Xosé Mª Brea Segade- Taragoña

Encontros do Plan de mellora de bibliotecas escolares
Compostela, abril 2016

# BIBLIOTECA ESCOLAR BREA SEGADE

- **Centro de recursos** para o ensino e a aprendizaxe e **dinamizadora cultural**.



- **Usuarios/as**: alumnado, profesorado, familias, comunidades de referencia.



# BIBLIOTECA ESCOLAR E COMPETENCIA LINGÜÍSTICA




- Lectores/as e comunicadores/as compententes.
- Apoiar e dar continuidade ás aprendizaxes realizadas nas aulas.
- Dar sentido á lectura e á escrita.



# BIBLIOTECA ESCOLAR E COMPETENCIA LINGÜÍSTICA

- Propostas ao conxunto do profesorado
- Propostas ao alumnado
- Propostas ás familias



# BIBLIOTECA E TITORÍA

- A biblioteca e o fomento da lectura do alumnado forman parte do currículo.



- Cada titoría ten asignada unha hora semanal de biblioteca no seu horario.

- Os titores/as realizan o préstamo ás súas clases.



- O equipo de biblioteca oferta ao profesorado modelos de fichas de lectura e propostas de actividades de formación de usuari@s.

# BIBLIOTECA E TITORÍA


Título:
Autor/a:
Ilustrador/a:
Colección:
Editorial:
OPINIÓN
ARGUMENTO
2015-2016


DATA:

| | |
|---|---|
| TÍTULO: | |
| AUTOR/A: | ILUSTRADOR/A: |
| EDITORIAL: | COLECCIÓN: |
| SINATURA: | PALABRAS CLAVE: |
| MOTIVOS PARA LELO OU NON LELO: | |
| A TÚA OPINIÓN: | |

# HORA DE LER

- 20 minutos diarios á volta do recreo.
- Todo o profesorado implicado.
- Edición de materiais informativos para profesorado e familias.
- Deseño propios para a Hora de Ler.






# HORA DE LER

## HORA DE LER

***"O verbo ler non soporta o imperativo. Aversión que comparte con outros verbos: o verbo "amar"..., o verbo "soñar"..."***

***Daniel Pennac***

### A HORA DE LER É:

►15/20 minutos adicados á lectura, polo puro pracer de ler.

►15/20 minutos de descanso e de "desconectar" do ritmo das clases para adicarnos, ao noso propio ritmo, á lectura.

►15/20 minutos para gozar de mirar, de ler, de compartir en silencio.

### A HORA DE LER NON É:

► Un castigo: é unha actividade pracenteira.

► Unha asignatura: non se trata de pedir nada a cambio, non se trata de avaliar a evolución do da lectura do nen@, non se trata de mellorar a súa comprensión lectora,....

► Un traballo: é un tempo de lecer.

BBS

**BOLETÍN INFORMATIVO DA BIBLIOTECA BREA SEGADE (PROFESORADO)**

## SILENCIO, ESTAMOS LENDO




## HORA DE LER

**Biblioteca Brea Segade**

**Setembro 2015**

# HORA DE LER

- Bibliotecas de aula.
- Renovación dos fondos da biblioteca.
- Lectores electrónicos. Proxecto E-reader.
- Actos conxuntos de lectura compartida, recitais poéticos, presentación de proxectos...





# ITINERARIOS LECTORES

- Forman parte do Plan Anual de Lectura.
- Lecturas "imprescindibles" na educación Primaria en galego e castelán.
- Organizadas por niveis.
- Diferentes xéneros.




No corazón do bosque

As Fragas do Eume

1. Rodea o Parque Natural da Fraga do Eume.
2. Observa no mapa e contesta:
   - En que provincia se atopana as Fragas do Eume? ______
   - Onde desemboca o río Eume? ______
   - Que cidades son as máis próximas ás Fragas do Eume? ______
   - Que Parque Nacional temos en Galicia? ______
   - Saberías dicir o nome dalgunha das illas que forman parte dese Parque Nacional? ______

3. Tendo en conta os puntos cardinais explica en que parte de Galicia se atopan as Fragas do Eume. ______

# ITINERARIOS LECTORES

- Nalgúnas titorías intégranse na Hora de Ler.
- Noutras nas clases de galego ou castelán.
- Materiais de aproveitamento da lectura vinculados ás linguas.
- Punto de partida de proxectos documentais.



ANTES DE COMEZAR:

TÍTULO: ……………………………………………………

AUTORA: ……………………………………………………

ILUSTRADOR: ……………………………………………………

COLECCIÓN: ……………………………………………………

EDITORIAL: ……………………………………………………

Que sabes sobre Ledicia Costas?

______________________________________________

______________________________________________

______________________________________________

Que sabes sobre Víctor Rivas?

______________________________________________

______________________________________________

______________________________________________

# XORNAL BBS

- Escribir para comunicar e compartir.
- Integrar a prensa no ámbito escolar de xeito significativo.
- Dar protagonismo ao alumnado e ás súas comunidades de referencia.



**Un poste da luz cae e aterroriza Fachán.**

O forte vento deste días causa estragos en Taragoña .

Redacción 4º O frío e ventoso martes 26 de novembro caeu un poste da luz en Fachán, diante do portal da casa da avoa de Aitor o de cuarto. Ese día Aitor e o seu irmán Mikel, que está no Cruceiro, tiveron problemas para ir ao colexio. Aitor zafou porque vai en autobús pero Mikel tivo que ir a andar coa súa avoa ata Cruceiro porque non podían sacar o coche.

Furacán

O pavillón fica sen unha ventá.

**Grande vendaval.**

Redacción 3º e 4º O luns pola noite había moita choiva e moito vento. Desde as nosas casas, víamos moverse as árbores con moita rapidez e non podíamos andar por fóra. A mañá seguinte cando chegamos a escola, os compañeir@s comentaban que o forte vento fixera romper unha ventá do polideportivo.

Cando fun á clase de educación física preguntelle á profe se era verdade que rompera e ela díxome que si. Esperamos que o vento non volva a romper máis ventás.

**Pánico no Brea Segade**

Redacción 6º Unha asasina cun coitelo de grandes dimensións e traxe de presidiaria andou solta no Brea Segade o día que celebramos o Samaín no colexio.

Mentres algúns alumn@s permanecían agochados, outros corrían gritando polos corredores. O pánico apoderouse dos alumn@s. Entrementres faltaban sospeitosamente algúns dos mestres do centro.

Informacións chegadas á nosa redacción indícannos que resultou ser unha broma do Samaín.

Sucesos

XORNAL BBS

C.E.P. XOSÉ MARÍA BREA SEGADE

Nº 3

XOVES 5 DE DECEMBRO DE 2013

VidA AnimaL

**Boni trae novos habitantes ao mundo.**

Redacción 4º Boni, a cadela de Noelia a de 4º, terá canciños de media estatura e posiblemente marróns. A pesar de ter unha camada de nove cans fai sete meses, volve estar preñada. Da camada anterior tivo a Lola, que seguro que se alegra cando vexa aos seus novos irmanciños.

Os cadeliños regalaranse. Se estades interesados/as avisade a Noelia no recreo ou na clase.

**Escapou un can en Taragoña.**

Patri, a de 4º, é unha amante dos animais e ten sete cans, catorce gatos, dous pavos, catro coellos, dúas vacas e un porquiño.

Redacción 4º O martes 26 de novembro ás seis e media da tarde escapou Pipo, un dos cans de Patri. Marchou escavando debaixo do valado porque os outros cans lle mordían. Patri di que lle mordían porque é o can máis novo dos que ten. A día de hoxe aínda non se encontrou. Esta é a súa descrición por se o vedes: é un caniche de cor branca co pelo longo e rizo. Ten un colar marrón e a súa estatura é media.

**O galo zombi**

Redacción 6º Onte, no lugar de Montiño, a avoa dun alumno de sexto procedeu a decapitar un galo cun machado. O galo ao saber que ía ser cociñado correu degolado ata caer rendido no máis alá.

Os habitantes de Taragoña fuxiron espavoridos ao ver ao galo sen cabeza achegarse ás súas casas.

Ao parecer, segundo informacións recentes, o galo foi visto por última vez nunha fonte de comida dun restaurante local.



**AS BIBLIOTECAS ANIMAN Á LECTURA ESTE NADAL.**

Redacción 6º

Bibliotecas das distintas escolas de Rianxo e a B.P.M Castelao organizaron un acto para animar á lectura este Nadal e presentar a guía de recomendacións que volven a publicar, coma nos últimos anos. No acto usaron cancións, representacións dramáticas e lectura de textos de narrativa e poesía para mostrar como son os libros da guía.

Do Brea Segade participaron quince alumnos/as dos cursos de 3º a 6º. Os libros que presentaron foron ***Xogando con gatos*** de Antón Cortizas e ***Os sabuxos divírtense no Museo Prohibido*** de Jaureguizar.

O Auditorio de Rianxo estaba ata arriba e todos se divertiron moito, o público e os nenos e nenas que participaron.

Ao rematar o acto houbo unha obra de teatro a cargo dos Quinquilláns e unha balea chegou de novo a Rianxo. Foi moi bonito.

**OS NENOS RIANXEIROS, SEN PEDIATRA**

Redacción 5º A

A ausencia do pediatra no centro médico rianxeiro volveu a crear malestar entre os pais da localidade. Esta é unha situación que se repite varias veces no ano, xa que o titular non ten substituto e a súa praza non se cobre. Esta situación obriga aos nenos a acudir ao médico de cabeceira dos seus pais e aos bebés a acudir ao ambulatorio de Boiro.

**ACCIDENTE.**

Redacción 3

Un xabarín invadiu a estrada e chocou contra un coche… ou un coche contra o xabarín.

O coche era do avó de Julia, da clase de 3º. Todo sucedeu en Taragoña.

Grazas que non lle pasou nada e que o coche ten soamente un golpe pequeno.

FELIZ ANO 2016

FELICES FESTAS

XORNAL BBS

C.E.P. XOSÉ MARÍA BREA SEGADE

Nº 8

VENRES 18 DE DECEMBRO DE 2015

MÁIS AVES EN RIANXO!

Redacción 5º A

Este verán na praia máis popular de Rianxo, a da Torre, houbo unha chea de aves: patos, garzas, gaivotas, etc.

Hai xente que informa de que a praia está máis limpa e hai máis comida para as aves.

Desde o verán os ornitólogos veñen a ver a abundancia de aves. Tamén dixeron que xa criaron, e que os ovos dentro de pouco van escachar.

SENTÍMONOS OBSERVADOS.

Redacción 4º

No Colexio C.E.P. Xosé María Brea Segade conseguimos probas de que alí viven familias de gatos. Vímolos cos nosos propios ollos e tamén lles deixamos sempre comida. Ao día seguinte, puf! como por arte de maxia a comida desaparece.

Coñecemos a unha familia: o pai chamase Yilver, a nai Sombra e o fillo Sami. Se conseguimos atrapar a calquera dos tres será unha noticia estupenda porque lle ensinaremos aos nenos o grande e importante que é o noso valioso ecosistema.

**O BLOGUE DE 6º**

Redacción 6º

Desde a creación do blogue www.cangrexeirosnaaranheira.blogspot.com , xa van mais de 5300 visitas, o que para os rapaces e rapazas de 6º é todo un trunfo. Parece que a xente se enganchou ao que se publica: cumpres, xogos, investigacións, traballos... Todos tipo de cousas.

Dende o blogue pódese acceder a moitas outras páxinas como a de Interrail, aos blogues doutras clases do colexio, ao da biblioteca, a dicionarios tanto en galego coma en castelán...

Cangrexeiros na arañeira

Os xogos serven tanto para pasalo ben como para aprender e estudar, aínda que nin te decatas.

Animádevos e entrade.

# XORNAL BBS

- Periodicidade trimestral.
- Publican as clases, é traballo colectivo: *Redacción 4º*
- Permite dar continuidade ao traballo sobre prensa escolar ao longo de toda a Primaria.



## Un poste da luz cae e aterroriza Fachán.

O forte vento deste días causa estragos en Taragoña .

Redacción 4º O frío e ventoso martes 26 de novembro caeu un poste da luz en Fachán, diante do portal da casa da avoa de Aitor o de cuarto. Ese día Aitor e o seu irmán Mikel, que está no Cruceiro, tiveron problemas para ir ao colexio. Aitor zafou porque vai en autobús pero Mikel tivo que ir a andar coa súa avoa ata Cruceiro porque non podían sacar o coche.

## Furacán

O pavillón fica sen unha ventá.

## Grande vendaval.

Redacción 3º e 4º O luns pola noite había moita choiva e moito vento. Desde as nosas casas, víamos moverse as árbores con moita rapidez e non podíamos andar por fóra. A mañá seguinte cando chegamos a escola, os compañeir@s comentaban que o forte vento fixera romper unha ventá do polideportivo.

Cando fun á clase de educación física pregunteille á profe se era verdade que rompera e ela díxome que si. Esperamos que o vento non volva a romper máis ventás.

## Pánico no Brea Segade

Redacción 6º Unha asasina cun coitelo de grandes dimensións e traxe de presidiaria andou solta no Brea Segade o día que celebramos o Samaín no colexio.

Mentres algúns alumn@s permanecían agochados, outros corrían gritando polos corredores. O pánico apoderouse dos alumn@s. Entrementres faltaban sospeitosamente algúns dos mestres do centro.

Informacións chegadas á nosa redacción indícannos que resultou ser unha broma do Samaín.

Sucesos

# XORNAL BBS

C.E.P. XOSÉ MARÍA BREA SEGADE

Nº 3

XOVES 5 DE DECEMBRO DE 2013

VidA AnimaL

## Boni trae novos habitantes ao mundo.

Redacción 4º Boni, a cadela de Noelia a de 4º, terá canciños de media estatura e posiblemente marróns. A pesar de ter unha camada de nove cans fai sete meses, volve estar preñada. Da camada anterior tivo a Lola, que seguro que se alegra cando vexa aos seus novos irmanciños.

Os cadeliños regalaranse. Se estades interesados/as avisade a Noelia no recreo ou na clase.

## Escapou un can en Taragoña.

Patri, a de 4º, é unha amante dos animais e ten sete cans, catorce gatos, dous pavos, catro coellos, dúas vacas e un porquiño.

Redacción 4º O martes 26 de novembro ás seis e media da tarde escapou Pipo, un dos cans de Patri. Marchou escavando debaixo do valado porque os outros cans lle mordían. Patri di que lle mordían porque é o can máis novo dos que ten. A día de hoxe aínda non se encontrou. Esta é a súa descrición por se o vedes: é un caniche de cor branca co pelo longo e rizo. Ten un colar marrón e a súa estatura é media.

## O galo zombi

Redacción 6º Onte, no lugar de Montiño, a avoa dun alumno de sexto procedeu a decapitar un galo cun machado. O galo ao saber que ía ser cociñado correu degolado ata caer rendido no máis alá.

Os habitantes de Taragoña fuxiron espavoridos ao ver ao galo sen cabeza achegarse ás súas casas.

Ao parecer, segundo informacións recentes, o galo foi visto por última vez nunha fonte de comida dun restaurante local.



## A VOLTA DUNHA PROFESORA

Redacción: 6º (deseño 3ºA)

A mestra de inglés foise por motivos persoais (aducírona os extraterrestres) e tivo que vir outra mestra substituta.

Un día de xaneiro, na clase de inglés aos alumnos aparecéuselle unha mestra substituta, porque, desgraciadamente, a outra non puido vir durante tres meses...

Os nenos e nenas puxéronse tristes porque xa lle tocaba marchar e xa se acostumaran a ela.

Aínda que tamén están contentos por recibir a Angharad outra vez no seu colexio.

## CARS NO BREA SEGADE

*Esta semana viñeron uns policías para ensinarlles aos de 4º, 5º e 6º normas de circulación.*

Redacción: 3º B
Desde o luns 7 ao xoves 10 de abril uns policías estiveron dando clases de circulación aos alumnos de 4º, 5º e 6º no pavillón de educación física. Cunha especie de tellas fixeron un circuíto no que había unha rotonda, sinais de tráfico, semáforos e tamén un cargador para recargar os cars que quedaban sen batería.
3º B e A tiveron sorte porque finalmente tamén eles puideron montar nos cars para practicar as normas de circulación.

## As cartas de Invizimals

Redacción: 2º

As cartas de Invizimals están de moda no Brea Segade. Case todos os nenos do colexio están obsesionados coas cartas titanio, efecto 3D...

Os nenos están a dicir todos os días:

- Cámbiasme a Dark tigershark max?

Dino sempre no Brea Segade e no autobús.

# XORNAL BBS

C.E.P. XOSÉ MARÍA BREA SEGADE

Nº 4

VENRES 11 DE ABRIL DE 2014

## O BÁDMINTON ESTÁ DE MODA

*As raquetas de bádminton están moi solicitadas no recuncho dos xogos do Brea Segade.*

Redacción: 3º B
No colexio de primaria de Taragoña está a facerse moi popular o deporte do bádminton. Durante o recreo todos os alumnos poden coller no recuncho de material xoguetes coma balóns, zancos, aros,... para xogar no patio. O caso é que no último mes case todos os alumnos e alumnas do Brea Segade pediron raquetas e plumas de bádminton.

## AS PULSEIRAS DE GOMA

Redacción: 5º
Saíu unha nova moda que veu de Estados Unidos. Esa nova moda son as pulseiras de goma. Só tes que comprar gomas especiais para facer pulseiras. No colexio Brea Segade moitos nenos non teñen pulseiras e pídenllas ao seus amigos.

Normalmente, as pulseiras que eu fago quedan así coma no debuxo.

Animádevos a aprender!

## VEU XACOBO FERNÁNDEZ SERRANO

Redacción: 2º

O mércores 26 de marzo veu Xacobo Fernández Serrano a contarnos os contos que escribiu e que os debuxou como, por exemplo, Marcopola. Tamén dixo que ía saír o terceiro libro de Marcopola e que Demoneta se ía transformar en Dragoneta.

# PROXECTOS DOCUMENTAIS INTEGRADOS

- Xerados desde o tema da campaña anual da biblioteca.

- Propostas ao profesorado de carácter anual ou trimestral.

- Coordinados pola biblioteca: recursos, temporalización, posta en común...






# PROXECTOS DOCUMENTAIS INTEGRADOS

- Constitúen unha aposta por un cambio na metodoloxía do centro.

- Consolidan o papel da biblioteca como centro de recursos para o ensino e a aprendizaxe.

- Promoven o traballo en equipo e a coordinación entre profesorado.






# PROXECTOS DOCUMENTAIS INTEGRADOS






- Produtos finais en diferentes soportes: murais, presentacións, libros, maquetas..
- Expóñense ou preséntanse ao resto do colexio e ás familias.
- Pasan a ser fondos da biblioteca, publicados pola BBS Editora, rexistrados e catalogados.

# SALÓN DO LIBRO DE PONTEVEDRA

- Centro convidado no Salón do Libro de Pontevedra.

- Proxectos documentais integrados en torno á temática do Salón e en relación coa campaña da Biblioteca.

- A *Motora de Cambeses*, O *Nautilus*, *Bechos do Mar de Arousa*.






# SALÓN DO LIBRO DE PONTEVEDRA










# BBS EDITORA

- A BBS Editora publica as producións do noso alumnado.
- Producións en diferentes soportes, elaboradas nas aulas ou na biblioteca.
- As publicacións son rexistradas e catalogadas no Meiga e poden ser emprestadas como calquera dos fondos da biblioteca.



# CONTACONTOS DO RECREO

- Todas as semanas entre outubro e maio.



- Listado trimestral no que apuntarse voluntariamente como contador@s.

- Os contador@s escollen o conto, practican a lectura, preparan o cartel anunciador, anuncian o conto a primeira hora e cóntano no recreo.



# CONTACONTOS DO RECREO

- A asistencia é voluntaria.

- Convidamos ás titorías a participar unha vez por curso para implicar ao conxunto do alumnado e ao profesorado.

- Os maiores e as titorías, axudadas polo profesorado, anímanse a dramatizar os contos.





# CONTACONTOS DO RECREO





- *Na BBS contamos tod@s* foi  o lema escollido hai 4 cursos para abrir os contacontos ás familias.

- Moi boa acollida por parte de familias e antigos alumnos/as.

- Moi ben recibido e valorado polo noso alumnado.

# MOCHILAS VIAXEIRAS

- Levan unha escolma dos fondos da BBS ás casas do noso alumnado.
- Sortéanse cada 15 días.
- Inclúen libros de diferentes xéneros, materiais de produción propia, música, unha película, un libro de temática educativa e outro de temática rianxeira para os adult@s.



# MOCHILAS VIAXEIRAS

- O Caderno de Viaxe permite a comunicación coas familias sobre as mochilas, a lectura e a biblioteca.






Ola! Son a mochila viaxeira e estas semanas estiven na casa de:
Iago Tungueiriño
No lugar de :
Igrexa - Taragoña

DEVOLVER: MARTES, 10 de MARZO, 2015

Disfruto moito sempre coa mochila viaxeira. Os libros que mais me gustaron foron ¿Quien recoge las cacas del perro?, Dinosaurios e a noite de samaín. Tamén me pareceu moi interesante papel e cartón. e á miña irmá gustoulle chocolates porque cociña moitos postres.
¡Ala outra, mochila viaxeira!



# ENCONTROS CON ESCRITOR@S E ILUSTRADOR@S

- Achegan a experiencia dos creadores culturais ao alumnado.

- Permiten afondar nas lecturas realizadas.

- Constituen unha motivación para a lectura e a escrita.





# ENCONTROS CON ESCRITOR@S E ILUSTRADOR@S







- Na preparación de cada encontro publicamos un tríptico sobre o autor/a e a súa obra que inclúe actividades.

- Os trípticos permiten mandar a información ás casas e facer partícipes ás familias.

# APADRIÑAMENTOS LECTORES

- A lectura como agasallo e como vínculo.

- Padriños e madriñas responsables da actividade: escoller o conto e o lugar axeitado, practicalo, esforzarse para que lles guste...

- Afillados/as emocionados coa sorpresa e coa atención recibida dos maiores.





# APADRIÑAMENTOS LECTORES

- Tras o conto realizan xunt@s algunha actividade plástica.









# CLUBS DE LECTURA

- Espazo para compartir o gusto pola lectura, para falar de libros e de todo o que nos aportan.



- Ofertados a 5º e 6º de Primaria.

- Son voluntarios.



# CLUBS DE LECTURA

- Xuntanzas cada tres semanas no recreo e Hora de Ler, entre outubro e maio.

- Tres xuntanzas-xantar no curso con xogos relacionados coas lecturas e visionado dunha película.

- Cada xuntanza comeza compartindo un doce.





# CLUBS DE LECTURA

- Cada club escolle a súa mascota e o seu nome.
- Reciben carpetas decoradas coas mascotas e caderniños de anotacións.
- Para cada libro preparamos unha reseña e información sobre o autor/a.
- Se queren, poden anotar impresións e facer debuxos e compartilos nas xuntanzas.






# CLUBS DE LECTURA

- Lemos fundamentalmente narrativa en galego e castelán.

- En marzo lemos poesía e compartimos as lecturas nun recital poético para todo o colexio ou en cada clase, coincidindo co  día 21.






# EXPOSICIÓNS

- Coincidindo con conmemoracións, con visitas de escritores, con proxectos e campañas, coa chegada de novidades...

- Escolma de títulos relevantes e producións do alumnado referidas ao tema da exposición.






# LECTURAS PARA ADULT@s

- Préstamo de fondos para adultos da B.P.M. Castelao de Rianxo desde a nosa biblioteca.
- Facilitar o acceso á lectura.
- Implicar ás familias no fomento da lectura do noso alumnado.






# RECOMENDACIÓNS LECTORAS

- Trípticos escolma de lecturas no Nadal e no verán.
- Orientacións baseadas nun criterio de calidade literaria e transmisión de valores.
- Ofertar posibilidades de lectura máis alá das propostas comerciais.
- Fomentar a lectura en galego.



Lectores/as expertos/as e xuvenil

*O que lle aconteceu a Barnaby Brocket.*
John Boyne. Kalandraka.
Barnaby marcha da casa, e coñece novos amigos que, coma el, representan a diversidade nun mundo pouco tolerante.

*Reo.*
Xesús. Fraga. Galaxia.
Reo é o rei dos graffiteiros da cidade ata que un misterioso rival o reta nos muros das rúas.

*O gran reino.*
Eduardo Santiago. Xerais
Unha intensa narración da vida dunha adolescente marcada pola anorexia, a loucura e a falta de cariño dos pais.

*Debuxos no muro.*
Aurora Ruá. Galaxia
A través dos debuxos nun muro, Pablo coñecerá a vida dun rapaz que foi prisioneiro republicano durante a Guerra Civil de España.

*Recinto gris.*
Ledicia Costas. Xerais.
Un exército adestrado para conseguir unha cidade perfecta persegue e detén a todos os que non encaixan no plan. Nube ía ser a seguinte.

*El momento de Aurora West.*
P. Pope, JT Petty e D. Rubin. DeBolsillo.
Trepidante aventura en banda deseñada cunha moza coma protagonista. Como se converte Aurora West nunha heroína?

Adultos/as e xuvenil

*Lúas de outubro e agosto.*
Guadi Galego. Fol Música
2º disco en solitario que ten o seu cerne nas emocións e experiencias das mulleres.

*Ofrenda á tormenta.*
Dolores Redondo. Xerais
Agardada 3ª novela da triloxía do Baztán, imprescindible para amantes da boa novela policíaca.

*Hostal norte.*
Xosé Duncan. Urco Editora.
Brais chega ao Hostal Norte, onde o agarda un amigo que prometeu axudalo a comezar unha nova vida pero non sairá ben. Novela de terror e misterio.

*Os inocentes.*
María do Cebreiro. Galaxia.
Poesía comprometida, actual, que nos fai preguntas e nos leva a interpretar a realidade e o amor.

*Como aprendí a leer.*
Agnes Desarthe. Periférica.
Unha divertida análise sobre a aprendizaxe da lectura e o acto de ler para comprendernos a nós mesmos.

*Vida de nai. A primavera.*
Gemma Sesar, Ramón Marcos e Jorge Castelli. El Patito Editorial.
Banda deseñada que presenta o día a día das nais traballadoras en tempos de crise.

Tempo de acivros
Tempo de libros

C.E.I.P.-A.D.R. Castelao de Rianxo
C.E.I.P. Ana Mª Diéguez de Asados
C.E.P. Brea Segade de Taragoña
I.E.S. Félix Muriel
C.R.A. de Rianxo
Biblioteca Pública Municipal Castelao

Aquí están, un ano máis, as nosas recomendacións para o Nadal. Libros e música para agasallar, compartir, festexar e gozar. Cultura, imprescindible compaña para despedir un ano e comezar o novo.

Boas Festas!

Bibliotecas de Rianxo

Rianxo, decembro de 2014



Moz@s e adult@s

*A neve interminable*
Agustín Fernández Paz. Xerais
Misterio nun hostal solitario no que un equipo de guionistas escribe os guións dunha nova serie de televisión.

*La analfabeta que era un genio de los números*
Jonas Jonasson. Salamandra
Divertida novela que narra como grazas ao seu privilexiado intelecto unha rapaza africana sae da miseria e vive incribles aventuras por todo o mundo.

*Atila*
Inacio e Iván Suárez. Demo editorial.
Nova entrega da vida de Castelao en banda deseñada.

*Os cruceiros do concello de Rianxo*
Xesús Antonio Gulías. Toxosoutos
Para descubrir e coñecer a riqueza da nosa realidade máis próxima.

Música

*Déixao andar...*
Carapaus.
Pezas populares e composicións baseadas na nosa música tradicional para cantar, bailar e facer festa.

*A gramola gominola*
Galaxia.
Punk, rock, reggae, blues, heavy metal, pop, ska e country para rapaces/zas. A bailar!

LIBROS QUE VEÑEN E VAN

Convidámosvos a baleirar a BBS este verán, a buscar e rebuscar entre os andeis ata atopar os mellores libros para acompañarvos no tempo de lecer que xa está aquí.
Esta é a nosa proposta: libros de matemáticas, de cociña e de aventuras, poesía e tamén música para escoitar e bailar. Libros para pensar, para soñar, para xogar, para descubrir... para gozar das vacacións. Libros que "veñan e vaian con vós" neste verán!
Boas vacacións e boas lecturas!
Biblioteca Brea Segade

As bolsas de lectura de verán agardan por vós na biblioteca entre o 22 e o 30 de xuño, en horario de mañá.

Este verán :
► Feira do libro en Rianxo entre o 23 e o 26 de xullo, con presenza das bibliotecas escolares e municipal
► B.P.M."Castelao" de Rianxo

| Horario | De luns a venres |
|---|---|
| Mañás | 09:30-14:00 |

Boletín Informativo da Biblioteca Brea Segade

LIBROS QUE VEÑEN E VAN

Biblioteca Brea Segade

www.blogoteca.com/bbs

Xuño 2015

# RECOMENDACIÓNS LECTORAS

- *"Tempo de acivros, tempo de libros"* é un tríptico de recomendacións de lectura froito da colaboración entre as bibliotecas de Rianxo.



## Lectores/as expertos/as e xuvenil

**O corazón da maxia.**
Xabier Estévez. Xerais.
Laura está hospitalizada dunha grave doenza. Un día chegará Mistre, que compartirá cuarto con ela. Laura contaralle unha historia extraordinaria, na que farán unha longa viaxe para resolver o misterio dos dragóns desaparecidos. Sorprendente desenlace.

**Lendo lendas, digo versos.**
Antonio García Teijeiro. Antonio Reigosa. Xerais.
Vinte lendas, pouco coñecidas, da nosa tradición, en harmoniosa compaña de cadanseu poema.

**Tés ata as 10.**
Francisco Castro. Galaxia.
Antonio non daba creto ao correo que viña de entrarlle no seu ordenador. Era de seu pai. O problema é que o seu pai leva morto un día. Así arranca esta trepidante historia de intriga e suspense.

**Acariciando o ceo.**
Fernando M. Cimadevila. Contos Estraños Editora.
A partires do caderno de viaxe do seu irmán, sobre unha viaxe ao Nepal, esperta no protagonista a necesidade de ir tras os seus pasos. Así comezará unha aventura que cambiará a súa vida.

## Adultos/as e xuvenil

**Os elefantes de Sokúrov.**
Antón Riveiro Coello. Galaxia.
Janis almorza todas as mañás nunha cafetería, onde un descoñecido le e escribe sen acougo. Ata que un día el desaparece. A partir dese feito, técese unha historia na que se cruzan: o amor, o suicidio, a crise económica, …

**Morena, perigosa e románica.**
Pedro Feijoo. Xerais.
Unha disparatada aventura dun grupo de xente, personaxes sen oficio nin beneficio coñecido, desesperados, decididos a todo. Convencidos de que o mellor que poden facer para saír do desastre en que a crise converteu as súas vidas é dar o golpe definitivo.

**Amor en alpargatas.**
Manuel Portas. Xerais.
No medio dun cemiterio, as lembranzas selectivas do amor de Sara e de Lucía eríxense na particular despedida que lle tributan a Senén, un de tantos que padeceron as consecuencias das loitas que sacoden o nacionalismo galego.

**Celebración.**
Gonzalo Hermo. Apiario. *Premio Nacional Miguel Hernández. Modalidad Joven Poesía. 2015.*
Poemario que ensaia un tipo de escrita antinostálxica, renega da ruína e celebra o que está por vir.

## Audiovisual

**Múdanse os ventos. Barahúnda.**
Helena de Alfonso e José Larra Bruñeiro.
Terceiro disco de Barahúnda, nado en Galicia. Persoal e emocionante.

**The Tambourine Man**
Xabier Díaz xunto coas Adufeiras de Salitre.
Un novo traballo que engade un enfoque vangardista e diferenciado a 11 temas tradicionais galegos e un castelán. Coa colaboración de destacados músicos da música tradicional ibérica e galega.

**Tránsitos.**
A Real Filarmonía de Galicia e o Abe Rábade Trío interpretan unha obra composta por un dos mellores pianistas e músicos de jazz do momento.

**A Esmorga.**
DVD. Ignacio Vilar. Vía Láctea Films e Galaxia.
Filme baseado na novela de Eduardo Blanco Amor. Unha crónica intensa, na vida de tres homes en vinte e catro horas. Compañeiros de esmorga, que van deixando un regueiro de destrución, coma se adrede camiñaran para a súa perdición.

## Tempo de acivros, tempo de libros.

CEIP A.D.R. Castelao de Rianxo
CEIP Ana Mª Diéguez de Asados
CEP Brea Segade de Taragoña
IES Félix Muriel
Biblioteca Pública Municipal Castelao

Xuntámonos outra vez para propoñervos unha escolma de lecturas e música que incluír nos vosos agasallos e no voso tempo de lecer.

Boas Festas!

Rianxo, decembro 2015

- Nos últimos tres cursos presentamos as nosas recomendacións nun acto público e aberto en horario extraescolar con participación de alumnado de todos os centros.



# FEIRA DO LIBRO DE RIANXO

- Tres edicións participando con todas as bibliotecas rianxeiras nunha caseta na Feira do Libro de Rianxo.
- *"Lendo en Rianxo"* leva á rúa o traballo a prol da lectura e da escritura realizado desde as bibliotecas escolares e a biblioteca pública.
- Obxectivo: poñer en valor e espallar o noso compromiso conxunto coa lectura e a cultura.






# VALORACIÓN

- Avaliamos a incidencia na lectura e escrita por medio de:

  - Enquisas de avaliación de alumnado, familias e profesorado.

  - Implicación no proxecto de biblioteca e en cada unha das súas propostas.

  - Cadernos de Viaxe da Mochilas Viaxeiras.

  - Datos de lectura recollidos no Meiga.

  - Resultados académicos.





# VALORACIÓN

- Constatamos:

  - Moi boa valoración da lectura e da súa incidencia no rendemento escolar por parte de profesorado e familias.

  - O 95% do alumnado di que lle gusta ler e lle gusta a biblioteca escolar.

  - Elevado porcentaxe de alumnado de 5º e 6º que voluntariamente forma parte dos clubs de lectura e dos axudantes de biblioteca.

  - Elevada participación de alumnado e familias nos contacontos.





# VALORACIÓN

- Constatamos:

  - Aumento progresivo dos préstamos ao alumnado, ás aulas e aos adult@s.

  - Maior incidencia do traballo por proxectos no centro.

  - Implicación do profesorado na formación de usuari@s, educación documental e fomento da lectura.





**GRAZAS!**

**Biblioteca Brea Segade**
**CEP X.Mª Brea Segade**
**Taragoña**